

# BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

## A Unión Europea colle impulso co Tratado de Lisboa

Tras a súa ratificación por parte dos países membros que aínda non se manifestaran, o Tratado de Lisboa entrou en vigor a comezos do mes de decembro, o que representa un novo fito no proceso de integración no que Europa leva implicada algo máis de 50 anos.

Actualidade 2

Monográfico 4

Emprego 6

Novidades legislativas 10

Consultas 11

Cooperación empresarial 12

O dito tratado establece un marco normativo máis axustado á realidade dunha unión de vinte e sete estados. A nivel interno, ampliará as competencias das institucións comunitarias, o que axilizará o proceso de toma de decisións. Así mesmo, terá en conta aos parlamentos dos estados membros e achegará a iniciativa legislativa aos cidadáns. No eido externo, a UE proxectarase de xeito máis cohesionado mediante a adopción de enfoques propios.

De xeito paralelo a este proceso, o mercado interior segue optimizando o seu funcionamento a través da adopción de melloras que faciliten o intercambio e libre circulación de cidadáns, traballadores, mercadorías, capitais e servizos.

Nesta liña, en 2009 finaliza o prazo para que os estados membros trasladen o marco da prestación de servizos á súa normativa. A aplicación da directiva de servizos traerá novos beneficios ás empresas, traballadores e consumidores.

Ademáis, outros sectores de actividade excluídos do ámbito de aplicación desta directiva, como o de transporte por estrada, contará cun novo réxime. Tamén os sistemas de seguridade social dos estados membros, que se regularán de xeito máis coordinado, o que simplificará o acceso ás prestacións, feito de especial relevancia no caso dos traballadores desprazados e transfronteirizos.

Desde a CEG tamén se emprenderon novas accións para apoiar a internacionalización e a competitividade das empresas galegas. Por exemplo, a través da creación do portal **enEuropa** de información e servizos sobre a UE, e coa formalización dun acordo coa Associação Industrial Portuguesa (AIP) para desenvolver, de maneira conxunta, actividades e servizos dirixidos ao tecido produtivo de ambos os dous territorios.

### A CEG e a Associação Industrial Portuguesa subscriben un convenio de colaboración

Ambas as dúas organizacións empresariais, referentes nos seus respectivos territorios, asinaron en novembro un convenio de colaboración co obxectivo de fomentar a competitividade do tecido produtivo, impulsar a súa internacionalización e analizar novas oportunidades de negocio.

A través deste acordo, as organizacións comprométese a traballar de xeito activo en ámbitos de interese común para os emprendedores e empresarios de ambos os dous territorios, con especial interese no mercado de traballo, no marco fiscal das empresas ou no desenvolvemento das infraestruturas.

Un dos eixes sobre os que incide con maior determinación o convenio é o fomento da internacionalización. A composición do tecido produtivo tanto en Portugal coma en Galicia está dominada polas pemes, precisamente as empresas que pola súa dimensión presentan maiores dificultades para acceder aos mercados exteriores e para incorporar os procesos de innovación nas súas estruturas produtivas.

A AIP e a CEG concordan na necesaria proxección internacional que deben asumir as súas respectivas economías e comprométese a establecer iniciativas que conduzan a facilitar a presenza exterior das súas empresas e, no caso daquelas xa asentadas, a súa consolidación.

Un dos motivos que impulsou a elaboración deste convenio é a carencia de instrumentos de cooperación no ámbito privado entre Portugal e Galicia. A carón dos crecentes intercambios que se produciron ao longo das décadas, xurdiron numerosos foros de diálogo, pero centrados na súa grande maioría na esfera política.

Neste sentido, a iniciativa privada cre conveniente articular mecanismos de colaboración para analizar as necesidades do tecido produtivo de ambos os dous territorios e encarar de xeito conxunto os retos aos que teñen que facer fronte, como a irrupción dun novo mercado globalizado, altamente competitivo e baseado en criterios de produtividade, competitividade e innovación.

## Obstáculos á mobilidade no mercado interior de traballo

O funcionamento do mercado interior aséntase en boa medida sobre a mobilidade, que se integra nunha das catro liberdades consagradas no Dereito orixinario da UE. Este concepto incluíuse na Estratexia de Lisboa e incorporouse como unha das súas recomendacións xerais para o crecemento e o emprego.

Así pois, a UE considera a mobilidade como unha das claves para afrontar o novo escenario socioeconómico, caracterizado pola globalización, os avances tecnolóxicos, o declive demográfico do continente e a profunda crise financeira e económica que atravesamos.

A Comisión Europea, consciente da importancia da mobilidade, puxo en marcha diversos instrumentos para potenciala, entre os que destacan:

- A designación do ano 2006 como Ano europeo da mobilidade dos traballadores.
- A creación dun programa para eliminar os obstáculos á mobilidade no mercado laboral: Plan de acción da Comisión Europea para a mobilidade do emprego (2007-2010).
- A posta en marcha dun comité de expertos para os traballadores desprazados, que se encarga de abordar as cuestións técnicas vinculadas á aplicación da Directiva 96/71/CE así como das súas medidas nacionais de transposición.
- A publicación dun libro verde sobre a mobilidade na formación dos mozos.

Ademais, en 2009 simplificouse e mellorouse a coordinación dos sistemas de seguridade social dos estados membros.

Dada a importancia da mobilidade dos traballadores, a presidencia Checa da UE asumiu durante o seu mandato o lema *Europa sen barreiras*. No transcurso deste período, o Comité Económico e Social Europeo

(CESE) redactou un ditame específico no que, por primeira vez, se analizaron os obstáculos á mobilidade que subsisten no mercado interior de traballo, entre os que se atopan:

- Os coñecementos lingüísticos limitados.
- As competencias e coñecementos pouco ou insuficientemente delimitados.
- O insuficiente recoñecemento da formación/cualificacións profesionais adquiridas noutros estados membros.
- Os obstáculos xurídicos e administrativos.
- A dispersión das informacións relativas ás ofertas de emprego e a falta de transparencia sobre as posibilidades de formación e emprego.
- As deficientes infraestruturas de transporte.
- A escaseza de oferta no mercado da vivenda e os prezos vixentes.
- Nos últimos tempos, a perda de confianza e a xenofobia.

Para reducir estes obstáculos, o CESE formula as seguintes medidas:

- Incrementar o nivel de coñecemento e análise dos propios obstáculos e da súa repercusión económica.
- Aplicar a flexiseguridade, tendo en conta a mobilidade como factor de mellora de emprego, da adaptabilidade dos traballadores e da competitividade empresarial.
- Adaptar os sistemas de formación ás necesidades do mercado de traballo.
- Seguir desenvolvendo o sistema de protección social.
- Eliminar os obstáculos lexislativos, administrativos e fiscais; promover a libre circulación de traballadores en igualdade real ou eliminar os supostos de dobre imposición fiscal existentes.
- Proporcionar información próxima e accesible sobre oportunidades de emprego e formación ao longo de toda a UE.

O ditame do CESE apunta ademais, como instrumentos clave da mobilidade, o desprazamento de traballadores no contexto da liberalización dos servizos en Europa e a coordinación e modernización dos sistemas de seguridade social.

## Europa, na rede

A CEG pon a disposición do tecido produtivo de Galicia a web **enEuropa** ([www.eneuropa.ceg.es](http://www.eneuropa.ceg.es)), unha nova ferramenta deseñada para achegar ás empresas da comunidade as oportunidades comerciais que ofrece a UE.

Con esta proposta, **enEuropa** intenta dar reposta ás principais dúbidas das empresas á hora de actuar no ámbito comunitario. Así, no seu contido detállanse as principais particularidades que ofrece este mercado en canto á prestación de servizos, normativa aplicable e outras especificidades do mercado único.

**enEuropa** elaborouse cun enfoque práctico, resolvendo as posibles dúbidas a través dos seguintes bloques temáticos:

- Marco normativo comunitario.
- Factores relevantes que considerar no noso mercado obxectivo.
- Estratexias de entrada ao mercado comunitario.
- Particularidades das relacións comerciais no ámbito comunitario.
- Estratexias de promoción.
- Sistema de apoio á innovación e á internacionalización.



## Entra en vigor o Tratado de Lisboa

A reforma introducida polo Tratado de Lisboa supón un novo esquema de funcionamento institucional, adaptado á realidade actual de 27 estados membros. A súa entrada en funcionamento implicará:

- Unha maior eficacia no proceso de toma de decisións, ao aumentar as materias sobre as que se adoptarán as decisións por maioría no Consello de Ministros e limitará as posibilidades de bloqueo.
- Unha maior democratización no proceso de toma de decisións. Así, os Parlamentos europeo e nacionais cobrarán un maior protagonismo e os cidadáns poderán solicitar unha iniciativa lexislativa.
- Unha maior presenza cohesionada no exterior da UE. Para iso dotouse á UE de personalidade xurídica única e creouse o cargo de Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, que á súa vez será o vicepresidente da Comisión Europea.
- Máis estabilidade e continuidade ao Consello Europeo, ao crear a figura do presidente perma-

nente, cun mandato de dous anos e medio.

- A integración como dereito orixinario da Carta de dereitos fundamentais e a determinación dos valores e dereitos sobre os que se asenta a UE. Así mesmo, ten en conta por primeira vez o procedemento para que un Estado membro se retire da Unión.

O novo presidente da UE será o holandés Herman Van Rompuy, e a alta representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a inglesa Catherine Ashton.

Ademais, renovouse o Colexio de Comisarios da Unión Europea para os próximos cinco anos. Durão Barroso preparou unha proposta de distribución das diferentes carteiras e competencias da Comisión entre os comisarios designados polos estados membros.

A devandita proposta foi xa comunicada ao Parlamento Europeo, que a deberá ratificar a principios de 2010.

## España e Portugal sitúanse á cabeza da presión fiscal na UE

As economías española e portuguesa son as dúas que sofren unha maior carga impositiva entre os estados membros da Unión Europea. Así ponse de manifesto ao realizar unha comparativa das taxas que gravan as rendas persoais e as empresariais da eurozona, así como o esforzo e a presión fiscal que recae sobre eles.

No primeiro destes casos, o tipo máximo de IRPF elévase en España ata o 43%, e en Portugal ao 42%, o oitavo e noveno, respectivamente, máis altos e supera en cinco e seis puntos a media europea, que se fixa no 38%.

En canto ás rendas empresariais, malia que o goberno español reduciu o tipo xeral do imposto de sociedades dende o 35% ao 30% actual, España mantense como o quinto país europeo onde máis se penalizan os beneficios empresariais, por enriba de países como Alemaña ou o Reino Unido. Neste eido, Portugal atópase en oitava posición, cunha taxa do 26,5%.

En canto aos impostos indirectos, obsérvase unha tendencia xeneralizada en todos os estados membros a valerse deste tipo de impostos, na creanza de que

distorsionan menos a economía e son máis fáciles de recaudar.

Neste sentido, España xustificou a suba de impostos que entrará en vigor en 2010 na baixa presión fiscal española. A presión fiscal é o resultado de dividir a recadación total entre o PIB. A este respecto, o notable descenso que se verá reflectido en 2008 (estimase un 32,8%) non será tanto

froito da caída nas taxas como polo recorte na recadación.

Por outro lado, o índice de esforzo fiscal -que mide a relación entre a presión fiscal e a renda per capita-, axusta os datos dunha forma máis específica (individual). Nesta ratio, España sitúase á cabeza da UE, seguido de cerca por Portugal.

PAÍSES EUROZOONA (EZ)	IRPF Max. 2008	Posto EZ (UE)	SDES. Max. 2008	Posto EZ (UE)	Presión Fiscal 2007	Posto EZ (UE)	Esfuerzo Fiscal 2007	Posto EZ (UE)
Alemaña	47,5	5	29,8	6	39,5	6	0,13	8
Austria	50,0	4	25,0	11	42,1	5	0,13	8
Bélxica	53,7	1	34,0	3	44,0	1	0,14	7
Chipre	30,0	15	10,0	15	Entrada Euro-zona 01/01/08			
Eslovaquia	Entrada Euro-zona 01/01/09							
Eslovenia	41,0	10	22,0	13	38,2	8	0,23	2
España	43,0	8(10) <sup>1</sup>	30,0	5(5)	37,1	9(14)	0,16	4
Finlandia	50,1	3	26,0	9	43,0	4	0,13	8
Francia	45,8	6	34,4	2	43,3	2	0,15	6
Grecia	40,0	12	25,0	11	32,1	12	0,16	4
Irlanda	41,0	10	12,5	14	31,2	13	0,07	12
Italia	44,9	7	31,4	4	43,3	2	0,17	3
Luxemburgo	39,0	13	29,6	7	36,7	11	0,05	13
Malta	35,0	14	35,0	1	Entrada Euro-zona 01/01/08			
Países Baixos	52,0	2	25,5	10	38,9	7	0,11	11
Portugal	42,0	9	26,5	8	36,8	10	0,24	1
Media EZ	42,1	-	26,0	-	40,4	-	0,14	-
Media UE-27	37,8	-	23,6	-	39,8	-	-	-

1. Datos IRPF e Sociedades. Ano 2008. Presión fiscal e esforzo fiscal ano 2007 (último dato dispoñible). Fonte: Comisión Europea (os datos de esforzo fiscal son elaboración propia a partir das cifras publicadas no boletín anual de Eurostat e os datos da Comisión Europea).

## Igualdade das comisións nos pagamentos transfronteirizos

Desde o ano 2001, a Unión Europea vén traballando no establecemento dun sistema de pagamentos, moderno e eficiente, que garanta a protección dos dereitos do consumidor e favoreza as transaccións comerciais dentro do mercado interior. A aplicación deste sistema outorgará aos pagamentos transfronteirizos a mesma consideración que os nacionais.

Neste sentido, o novo Regulamento 924/2009 do 16 de setembro de 2009, relativo aos pagamentos transfronteirizos na Comunidade, propón unha serie de medidas encamiñadas a igualar os custos dos pagamentos transfronteirizos, derivados das operacións cuxa contía non supere os 50.000 euros aos nacionais. O novo sistema afectará a depósitos, transferencias, retirada de fondos, mesmo débitos domiciliados, sempre que se realicen por medios electrónicos. Os estados membros que non adoptaron o euro poderán, igualmente, aplicar este regulamento de comisións equivalentes á súa moeda nacional, sempre que o notifiquen.



# A Directiva de Servizos, un paso en firme cara ao mercado interior

### Cal é o seu obxectivo?

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, pretende facer efectiva a liberdade de establecemento e a libre prestación de servizos, o sector máis importante da economía europea, favorecendo que empresas, traballadores e consumidores aproveiten as oportunidades do mercado interior.

### Cando foi aprobada e a partir de cando se aplicará?

Esta norma viu a luz en 2006, tras longos anos de debate e traballo, pero dada a complexidade e a profundidade das reformas que implica, estableceuse un período de transposición aos ordenamentos xurídicos dos estados membros de tres anos, prazo que finaliza o 28 de decembro de 2009.

### A que servizos afecta?

A norma afecta a boa parte dos servizos: actividades da maioría das profesións reguladas (asesores xurídicos e fiscais, arquitectos, enxeñeiros, contables, peritos...), artesáns, servizos a empresas, distribución comercial, turismo, ocio, construción, instalación e mantemento de equipos, servizos de información, aloxamento e restauración, formación, educación, aluguer, *leasing*, servizos inmobiliarios, certificación e verificación, servizos domésticos... e, en xeral, a todos os servizos que non se exclúan expresamente no seu articulado.

### Que servizos quedan fóra?

A norma cita de xeito expreso os servizos non económicos de interese xeral, financeiros, servizos e redes de comunicación electrónicas, no ámbito do transporte, das ETT, sanitarios, servizos audiovisuais e de radiodifusión, xogos de azar, actividades vinculadas ao exercicio de autoridade pública, servizos sociais vinculados á vivenda social, atención aos nenos e apoio a persoas e familias temporal ou permanentemente necesitadas, servizos de seguridade privados, servizos prestados por notarios ou axentes xudiciais designados por un acto oficial da Administración.

### Como se relaciona coas demais normas comunitarias?

A directiva non se aplica á fiscalidade, nin pode afectar ao Dereito laboral, á seguridade social, ao exercicio dos dereitos fundamentais ou ás normas de Dereito internacional privado. Ademais, calquera norma europea que choque coa directiva de servizos prevalecerá sobre esta.

### Cales son as principais vantaxes que achegará?

#### 1. Simplificará as cargas administrativas

A directiva formula un cambio substancial aos estados membros en canto á simplificación dos trámites que se deben realizar para o acceso e exercicio dunha actividade de servizos e independentemente da administración competente.

- **Simplificación de trámites e procedementos:** os estados membros deberán revisar todos os trámites e obrigas para o acceso a unha actividade de servizos que se inclúan no ámbito de aplicación da directiva e, por regra xeral, salvo en casos debidamente xustificadas, limitarase a esixencia de autorizacións previas ao inicio dunha actividade, que poderán ser suplidas por meras notificacións. Do mesmo modo e salvo en determinados supostos, deberá evitarse, no acceso á prestación de servizos, a esixencia de requisitos equivalentes aos prescritos no estado de orixe do prestador e debidamente acreditados por aquel en orixe. Os estados membros han de aceptar os documentos doutros estados membros que teñan unha función equivalente.
- **Portelos únicos:** os estados membros deberán garantir a existencia de interlocutores institucionais únicos, ante os que os prestadores de servizos poidan:
  - Obter información accesible a distancia e por medios electrónicos necesaria para acceder a unha actividade das incluídas na directiva de servizos de modo centralizado. En concreto, información sobre os medios de acceso a bases de datos e rexistros públicos sobre prestadores e servizos, informa-

ción sobre as autoridades competentes, sobre as asociacións e organizacións profesionais e sobre as vías de recurso ou litixio en caso de conflito.

- Ademais, a través dos portelos únicos, débese dar resposta ás consultas que se lle formulen os prestadores de servizos en relación coa súa actividade nese Estado membro. A directiva dispón ademais que se debe fomentar a dispoñibilidade da información non só na lingua do Estado membro que a ofrece, senón na dos estados veciños ou naquela máis frecuentemente utilizada polas empresas na UE.
- O portelo único deberá facilitar a realización de todos os trámites e procedementos necesarios para poder desenvolver a súa actividade no devandito Estado membro.
- **Procedementos electrónicos:** a directiva prevé que os prestadores de servizos, independentemente do estado de residencia ou establecemento, poidan realizar por medios electrónicos e a distancia os trámites e procedementos necesarios para a prestación dun determinado servizo nun Estado membro.

#### 2. Facilitará o exercicio da liberdade de establecemento

A directiva de servizos simplifica os trámites de establecemento en todos os estados membros.

A directiva esíxelles que revisen todos os seus réximes de autorización e que comuniquen á Comisión Europea as autorizacións que, de xeito excepcional, se van manter ou establecer. Nese caso, deberán xustificar a súa compatibilidade cos criterios taxados que fixou a xurisprudencia e que agora ten en conta a directiva: non discriminación, xustificación por unha razón imperiosa de interese xeral e carácter proporcionado.

A directiva, polo tanto:

- Prohibe o solapamento de requisitos esixidos ou controis para a autorización do establecemento, aos que xa estivese sometido o prestador noutro Estado membro.
- Establece, por regra xeral, a vixencia indefinida das autorizacións, así como o seu ámbito territorial estatal, aínda que





a autorización fose expedida por unha autoridade rexional ou local.

- Restrinxe a posibilidade de limitar o número de autorizacións por empresa a supostos taxados.

Os procedementos de concesión deberán ser transparentes e basearse en criterios obxectivos para garantir a imparcialidade. Así, a directiva establece a prohibición de incluír determinados requisitos, como por exemplo os baseados na nacionalidade, ou aqueles baseados na proba dunha necesidade económica ou dunha demanda de mercado.

A directiva considera outra serie de requisitos que, sendo a priori obstáculos á liberdade de establecemento, poderían estar xustificadas en determinados casos. Por iso, insta os estados membros a que analicen a súa viabilidade e necesidade conforme aos principios de non discriminación, razón imperiosa de interese xeral e proporcionalidade. Tal é o caso de requisitos como por exemplo: límites cuantitativos ou territoriais ao establecemento, adopción obrigatoria dunha determinada forma xurídica, aplicación de tarifas ou prezos mínimos e máximos, ou obriga de contar cun número mínimo de empregados.

### 3. Facilitará e promoverá a libre circulación de servizos

Para a prestación de servizos ao longo da UE, as empresas non sempre necesitan contar cun establecemento permanente, en especial cando se trata dun servizo eventual. A pedra angular da directiva de servizos é a liberdade para a prestación de servizos, establecida no seu artigo 16. Os estados membros non poderán impoñer as súas condicións de acceso á prestación de servizos no seu territorio a un prestador doutro Estado membro salvo que sexan necesarias para a protección de:

- A orde pública
- A seguridade pública
- A saúde pública
- A protección do medio

En calquera caso, os ditos requisitos non poderán ser discriminatorios respecto das condicións esixidas a un prestador xa establecido nese Estado membro, ou desproporcionados para o obxectivo perseguido.

A directiva de servizos enumera unha serie de requisitos que, por regra xeral, non poderán esixirse, como o establecemento no territorio, a inscrición nun rexistro, a obtención dunha autorización ou a obriga de contar cun documento de identidade do estado no que se pretende prestar o servizo.

En todo caso, a directiva non exige da observancia doutras normas europeas ou estatais en materias como: seguridade social, desprazamento de traballadores, libre circulación de persoas...

### 4. Ofrecerá garantías aos usuarios ou destinatarios dos servizos así como a súa calidade

Para que sexa efectivo o mercado interior europeo, os usuarios ou destinatarios dos servizos, e en especial os consumidores, deben acceder sen barreiras aos servizos ofertados.

Así, a directiva tamén establece medidas como a prohibición de requisitos que discriminen o consumidor en razón do estado no que resida, o lugar no que se preste o servizo ou da súa nacionalidade.

Igualmente para poder acceder aos servizos ofertados por operadores establecidos en calquera dos estados membros coas debidas garantías, a directiva establece a obriga de que estes poñan a disposición dos consumidores información sobre a súa normativa nacional, sobre os requisitos aplicables ós prestadores de servizos e as vías de recurso dispoñibles en caso de controversia. A devandita información poderá ser solicitada no estado de residencia do consumidor ou destinatario do servizo. Para iso, será necesario un estreito nivel de cooperación entre as autoridades dos distintos estados membros.

Ademais, os prestadores de servizos deberán poñer a disposición dos destinatarios información antes da prestación do servizo e responder, así mesmo, as cuestións formuladas polo destinatario.

### Como se aplica en Portugal e en Galicia?

A directiva de servizos debe ser trasposta aos ordenamentos xurídicos nacionais antes de que finalice o 2009. Para iso, segundo as recomendacións da Comisión Europea, pode

ser necesario elaborar dous tipos de normas. Por un lado, normas horizontais que establezan ou adapten ao nivel dos estados membros o novo marco para a prestación de servizos. Por outro, normas que modifiquen os réximes sectoriais da prestación de determinados servizos que na súa regulación actual non se adapten á nova normativa europea.

Conforme ao principio de autonomía institucional, cada Estado membro traspón a normativa comunitaria segundo a súa organización e distribución de competencias.

No caso de Portugal, a transposición realízase a nivel estatal a través dunha norma horizontal, cuxo proxecto está elaborado desde maio, e practícaranse posteriormente as modificacións necesarias de carácter sectorial.

No caso de España, debido ao seu nivel de descentralización, deberán intervir no proceso de transposición o propio Estado e as comunidades autónomas nos seus respectivos territorios. A nivel estatal, haberá unha norma horizontal (*Lei sobre o libre acceso e exercicio das actividades de servizos*) e outra que modificará numerosas disposicións sectoriais (*Lei de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso e exercicio das actividades de servizos*). Ademais, dada a importancia que ten para o sector do comercio, será aprobada unha nova norma para adaptar o sector comercial ao novo marco (*Lei de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista*).

No caso de Galicia, está en tramitación unha norma de modificación de numerosas leis sectoriais de ámbito autonómico (*Lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE*)

### Como afectará á prestación de servizos transfronteirizos e á mobilidade de traballadores?

É previsible que o novo marco redunde nun incremento da actividade económica, estimulando a competitividade e as prestacións de servizos transnacionais, en especial en áreas fronteirizas como as de Galicia e Portugal. Este novo marco deberá permitir máis e mellores oportunidades de emprego para os traballadores de Galicia e da rexión Norte de Portugal.



## Emprego

No segundo trimestre de 2009, a poboación activa na eurorrexión ascendeu a 3.279.700 persoas, o que supón un recorte de preto de 30.000 cidadáns con respecto ao primeiro trimestre do mesmo ano. Esta tendencia rexistrouse tanto en Galicia coma na rexión Norte de Portugal, se ben nesta última área o descenso de poboación activa foi superior (a perda de poboación activa en Galicia cifrase en 13.400 persoas, fronte ás 16.800 da rexión Norte de Portugal).

O primeiro trimestre de 2009 pechouse en Galicia cunha taxa de actividade do 55,8%, porcentaxe que supuxo un incremento de dúas décimas con respecto á taxa de actividade do trimestre anterior, pero esta tendencia á alza inverteuse no segundo trimestre de 2009, período no que se alcanzou unha taxa de actividade do 55,2%.

A taxa de paro en Galicia no segundo trimestre de 2009 ascendeu ao 12,9%. A esta porcentaxe precedérona os valores do primeiro trimestre de 2009 e do último de 2008, un 12,2% e un 9,7% respectivamente. O incremento rexistrado foi superior entre os homes.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	1.331,1	719,6	611,5
2009/II	1.317,7	709,5	608,2

Fonte: IGE

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	1.978,7	1.051	927,7
2009/II	1.962	1.048	914

Fonte: INE Portugal

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	55,8	63,1	49,0
2009/II	55,2	62,2	48,8

Fonte: IGE

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	62,5	69,4	56,2
2009/II	61,9	69,2	55,3

Fonte: INE Portugal

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	12,2	11,4	13,2
2009/II	12,9	12,3	13,7

Fonte: IGE

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2009/I	10,1	9,2	11,0
2009/II	10,5	9,9	11,3

Fonte: INE Portugal

A taxa de actividade na rexión Norte de Portugal ascendeu ao 61,9% no segundo trimestre de 2009, o que supuxo un recorte con respecto ao primeiro trimestre do ano, que se pechará cunha taxa de actividade do 62,5%. Este descenso foi máis acusado entre as mulleres que entre os homes.

A taxa de paro no segundo trimestre de 2009 alcanzou na rexión Norte de Portugal un 10,5%, dato que confirma unha tendencia ascendente, xa que esta taxa foi do 10,1% no primeiro trimestre do ano e do 8,7% no último trimestre de 2008.



## Oferta e demanda de emprego

Nos cadros que figuran a continuación analízase a oferta de emprego durante os primeiros seis meses do ano 2009.

### Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

No primeiro semestre do ano 2009, as ocupacións máis solicitadas polas empresas na rexión Norte de Portugal, representando máis da metade do total, foron as seguintes: operarios industriais (22,1%), persoal de servizos, protección e seguridade (20,6%); peóns industriais, construción e minaría (18,1%) e dependentes e vendedores (10,7%). Con respecto ao semestre anterior, destaca o incremento no número de ofertas de emprego para a contratación de dependentes e vendedores, que se agudiza pasando dun total de 252 ofertas en decembro de 2008 a 588 ofertas en xuño de 2009. Esta tendencia á alza rexistrouse durante todo o primeiro semestre do ano.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Operarios industriais	647	469	440	503	583	783
Persoal de servizos, protección e seguridade	423	411	641	597	539	579
Peóns industriais, construción e minaría	342	242	417	398	618	789
Traballadores cualificados da construción e minaría	214	194	304	244	340	181
Empregados tipo administrativo	243	229	232	202	228	211
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	216	266	328	288	206	281
Traballadores cualificados industria	195	136	183	142	134	172
Condutores e operadores de maquinaria móbil	155	121	203	184	262	220
Dependentes e vendedores	79	90	146	206	553	588
Técnicos e profesionais nivel intermedio	134	144	199	84	111	289
Titulados medios universitarios	90	77	79	94	231	182
Licenciados universitarios	72	64	98	67	87	40

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

### Ocupacións con maior demanda en Galicia

Na comunidade galega, durante o primeiro semestre do ano, a tendencia do número de altas de postos ofrecidos foi en xeral alcista, se ben o máis destacable é a alta estacionalidade dos empregos con maior media de ofertas. En concreto, entre os traballadores da construción (30%), o número de postos ofrecidos dispárase no mes de marzo ata alcanzar o pico en maio. Así mesmo, os peóns agrícolas (21,7%) experimentaron un notable incremento na alta de ofertas durante o mes de xuño.

De novo, no primeiro semestre do ano 2009, ao igual que sucedeu no mesmo período do ano anterior, incrementouse a oferta de postos ofrecidos para traballadores de servizos de protección e seguridade, que quebra a tendencia no mes de xuño cunha oferta que pasa de 26 a 1.335.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Traballadores servizos restauración	247	250	276	249	345	507
Peóns agrícolas	107	135	432	791	367	1.123
Traballadores construción	218	240	835	853	1.026	921
Técnicos e profesionais nivel intermedio	212	178	257	199	251	390
Empregados tipo administrativo	92	72	166	88	127	188
Dependentes e vendedores	52	39	85	151	85	101
Traballadores cualificados da agricultura	18	18	78	28	81	112
Condutores e operadores de maquinaria móbil	82	130	81	91	120	218
Operarios industriais	135	24	33	22	42	14
Traballadores cualificados industria	149	76	87	71	179	81
Titulados medios universitarios	41	29	55	45	75	120
Traballadores non cualificados de servizos	138	98	149	153	179	390
Licenciados universitarios	85	69	97	121	131	98
Traballadores servizos, protección e seguridade	5	5	17	5	26	1.335


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Trabajo e Benestar



# Emprego


Analizando as ocupacións con maior demanda na eurorrexión, obsérvase a distinta evolución que se deu nos dous territorios. Mentres que en Galicia se mantivo a alta demanda de peóns agrícolas e de traballadores da construción, na rexión Norte de Portugal, os operarios da industria viron aumentar a súa demanda. Non obstante, os traballadores cualificados da industria sufriron un leve retroceso na súa demanda ao longo do primeiro semestre de 2009 mentres que en Galicia este retroceso foi máis intenso.

## Ocupacións máis demandadas no Norte de Portugal Primeiro semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

## Ocupacións máis demandadas en Galicia Primeiro semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

## Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, os sectores produtivos que lideran a oferta de traballo foron a industria manufacturera e as actividades inmobiliarias. Observando con maior detalle a evolución das ofertas de emprego do sector industrial, conséntase que son a industria do vestiario e a do coiro, as que máis emprego ofertaron. O sector da construción perdeu forza neste primeiro semestre con respecto ao mesmo período do ano anterior, se ben este sector na rexión Norte de Portugal seguiu tendo un peso importante con respecto ao total do país. Por exemplo, no mes de xuño, dun total de 856 ofertas de emprego no sector da construción en Portugal, 341 proviñan da rexión Norte.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Industria manufacturera	935	684	795	775	875	1.101
Construción	275	285	415	337	412	341
Comercio e reparacións de vehículos	317	304	428	453	398	592
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	555	561	601	611	1.375	1.327
Hostalaría	287	261	435	400	338	345
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	108	89	141	111	132	305
Transporte, almacenaxe	23	29	31	19	28	36
Actividades de comunicación	38	15	51	37	25	19
Agricultura, gandaría e pesca	25	15	34	62	18	51
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	22	12	19	36	12	15
Actividades financeiras e de seguros	12	7	26	6	3	2
Outras actividades de servizos	154	154	221	164	200	200
Industria extractiva	4	1	3	5	6	2

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego




## Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia

A tendencia das ofertas de emprego analizadas segundo o sector de procedencia foi bastante irregular en Galicia ao longo do primeiro semestre do ano. Sectores como a administración pública, educación, sanidade e servizos sociais ou a construción presentaron picos de oferta explicables só pola incidencia de factores externos como poden ser ofertas públicas de emprego ou plans específicos promovidos pola Administración para reactivar determinados sectores e a economía en xeral nesta época de crise.

	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño
Administración pública, defensa, educación, sanidade e servizos sociais	430	278	544	543	887	2.974
Hostalaría	126	107	193	154	188	236
Construción	267	327	1.059	1.199	1.019	672
Industria manufacturera	146	98	106	138	175	155
Actividades inmobiliarias, administrativas e servizos auxiliares	105	62	108	88	104	178
Comercio e reparación de vehículos	223	128	240	186	170	284
Agricultura, gandaría e pesca	41	44	51	44	53	258
Transportes, almacenaxe	92	154	72	68	50	36
Información e comunicacións	33	15	70	33	37	32
Financeiras e seguros	50	47	29	31	58	29
Industria extractiva	0	10	2	0	9	3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	19	42	62	39	49	267
Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	34	28	75	27	211	275
Outras actividades de servizos	211	86	105	313	138	317


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estadísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - primeiro semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estadísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

### Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - primeiro semestre 2009



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estadísticos do Instituto de Emprego e da Consellería de Traballo e Benestar



## Novidades lexislativas

### Novo marco para o mercado interior de transporte por estrada

En outubro de 2009, aprobáronse tres regulamentos que establecen un novo marco xurídico común para o transporte por estrada intracomunitario tanto de viaxeiros como de mercadorías, así como para o exercicio da profesión de transportista por estrada.

#### I. O TRANSPORTISTA POR ESTRADA

O Regulamento 1071/2009<sup>1</sup> do 21 de outubro establece as condicións necesarias para o exercicio da profesión de transportista por estrada, entendendo como tal a actividade de calquera empresa que efectúe transporte tanto de mercadorías, mediante vehículos de motor ou conxuntos de vehículos, coma de viaxeiros, en vehículos automóviles aptos para transportar máis de nove persoas a cambio dunha remuneración.

##### Requisitos das empresas

Para exercer a profesión de transportista por estrada, as empresas deberán:

- Dispoñer dun establecemento fixo nun Estado membro da UE.
- Gozar de honorabilidade.
- Posuír a capacidade financeira apropiada.
- Ter a competencia profesional requirida.

O regulamento determina os termos en que se concreta cada un destes requisitos e deixa unha porta aberta a que os estados membros poidan esixir condicións adicionais, que deben ser proporcionadas e non discriminatorias.

<sup>1</sup> Regulamento 1071/2009 polo que se establecen as normas comúns relativas ás condicións que han de cumprirse para o exercicio da profesión de transportista por estrada. DOUE núm. L 300, do 14.11.2009.

##### O xestor de transporte

As empresas que exercen a profesión de transportista deberán, ademais, nomear a unha persoa física, denominada xestor de transporte, que dirixa efectivamente e con carácter permanente as actividades de transporte da empresa, e estea vinculado a ela en condición de empregado, accionista, etc.

##### Autorizacións: a licenza comunitaria

É necesario contar cunha licenza comunitaria para levar a cabo transportes internacionais. A devandita licenza será expedida polo Estado membro aos transportistas establecidos no seu territorio que cumpran os requisitos establecidos cunha validez de ata 10 anos prorrogables.

Ademais, no caso de transporte de mercadorías, cando un ou varios dos condutores sexan nacionais dun terceiro país, salvo os residentes de longa duración, os transportistas deberán contar cun certificado de condutor expedido por un Estado membro e cuxa duración será de cinco anos como máximo.

Tanto as licenzas comunitarias como os certificados de condutor expedidos antes da data de aplicación do regulamento, seguirán en vigor ata a súa data de caducidade.

##### Rexistro de transportistas e coordinación administrativa

Cada Estado membro deberá contar cun rexistro electrónico de empresas de transporte autorizadas que facilite os labores de autorización e vixilancia. A 31 de decembro de 2012, os sistemas deberán estar interconectados de maneira que todas as autoridades nacionais responsables poidan acceder á información de calquera transportista da UE. A nova normativa establece a cooperación debida entre os estados membros, que deberán designar puntos de contacto nacionais, responsables do intercambio de información.

##### Recoñecemento mutuo de certificados e títulos

O regulamento establece as condicións de recoñecemento mutuo dos diferentes certificados e títulos que acreditan a honorabilidade das empresas e dos xestores de transporte, a capacidade financeira ou a competencia profesional.

##### Aplicabilidade e efectos da nova normativa

Os novos regulamentos serán aplicables con carácter xeral a partir de decembro de 2011. As empresas que dispoñan dunha autorización para o exercicio da profesión de transporte por estrada con data do 4 de decembro de 2009, deberán axustarse ás esixencias do regulamento como moito no prazo de dous anos.

#### II. TRANSPORTE INTERNACIONAL DE MERCADORÍAS POR ESTRADA

O Regulamento 1072/2009<sup>2</sup> do 21 de outubro establece, a través dun só instrumento xurídico, as condicións de acceso ao mercado dos transportes internacionais de mercadorías por estrada no territorio da comunidade, e define as condicións en que os transportistas non residentes nun Estado membro poden prestar servizos de transporte nel.

<sup>2</sup> Regulamento 1072/2009 polo que se establecen normas comúns de acceso ao mercado do transporte internacional de mercadorías por estrada. DOUE núm. L 300, do 14.11.2009.

##### Que transportes regula?

O regulamento aplicarase aos transportes por conta allea que discorran integramente polo territorio da Comunidade Europea. Exclúense de xeito expreso os transportes que teñan como orixe ou destino un país alleo á Comunidade Europea, salvo a parte dese transporte que pase por un Estado membro distinto ao de carga ou descarga.

Determinados tipos de transporte quedan fóra do ámbito de aplicación do regulamento, como os transportes postais en réxime de servizo universal, o transporte de vehículos accidentados ou avariados, etc.

##### Cabotaxe de mercadorías

Ademais, o regulamento aplicarase ao transporte

nacional de mercadorías por estrada efectuado de xeito temporal por un transportista non residente: transporte de cabotaxe de mercadorías.

Os supostos en que se permite o devandito transporte vincúlense á existencia previa dun transporte internacional de mercadorías e limitan tanto o número de transportes consecutivos de cabotaxe como o tempo en que se poden executar desde que finalizou o transporte internacional que o permite.

O regulamento prevé un procedemento de salvagarda para o caso de que a cabotaxe, aínda cos límites que a norma establece, perturbe a situación do mercado de transportes nacionais nunha zona xeográfica determinada.

#### III. TRANSPORTE INTERNACIONAL DE VIAXEIROS POR ESTRADA

O Regulamento 1073/2009<sup>3</sup> reformula e integra nun só instrumento xurídico as normas comúns para os transportes internacionais de viaxeiros en autobuses e autocares, por un lado, e as condicións de admisión dos transportistas non residentes aos transportes nacionais de viaxeiros por estrada dun Estado membro, por outro.

<sup>3</sup> Regulamento 1073/2009 polo que se establecen normas comúns de acceso ao mercado internacional dos servizos de autocares e autobuses e polo que se modifica o Regulamento 561/2006. DOUE núm. L 300, do 14.11.2009.

##### Que transportes regula?

O regulamento aplicarase aos transportes realizados por transportistas establecidos nun Estado membro que discorran polo territorio da Comunidade Europea.

O regulamento está presidido pola libre prestación de servizos e establece os requisitos específicos e condicións de exercicio de tal liberdade, por un lado, para os transportistas por conta allea e, por outro, para os transportistas por conta propia, que non precisarán autorización senón unha certificación.

O regulamento establece o sistema de acceso ao mercado das empresas tanto aos servizos regulares, que requirirán unha autorización, como

dos servizos discrecionais ou daqueles prestados por conta propia, que en principio non requirirán desta.

##### Cabotaxe de pasaxeiros

O regulamento aplicarase tamén ao transporte nacional de viaxeiros por estrada efectuado temporalmente por un transportista non residente en determinadas condicións: transporte de cabotaxe de pasaxeiros.

En todo caso, a norma considera a posibilidade de que os estados membros leven a cabo acordos para unha liberalización máis ampla dos servizos internacionais de transporte de viaxeiros por estrada, así como os transportes de cabotaxe.



## Coordinación dos sistemas de Seguridade Social

En maio de 2010 entrará en vigor na Unión Europea o novo marco xurídico de coordinación en materia de seguridade social, un notable avance que se implantará transcorridos preto de corenta anos desde a aprobación das primeiras disposicións na materia.

A pesar de certas modificacións previas, non foi ata o 2004 cando se aprobou un novo regulamento para modernizar a normativa comunitaria. Ata o 2010 non será aplicable, pois permanecía á espera da publicación dun regulamento de aplicación, que se publicou no mes de outubro e entrará en vigor o próximo ano.

Ademais, xunto co regulamento de aplicación foi aprobada outra disposición do mesmo rango que modifica o regulamento de 2004, xa que o paso dos anos así o requiría.

O novo marco xurídico segue sendo un sistema de coordinación entre os sistemas de seguridade social dos estados membros, que difiren de xeito notable dun país a outro. A súa estrutura segue presidida por principios como o de igualdade de trato e suxeición ao ordenamento xurídico dun único Estado membro.

Os regulamentos de base e de aplicación:

- Modernizan as normas de coordinación dos sistemas nacionais de seguridade social.

- Simplifican os procedementos en beneficio dos cidadáns.
- Establecen e organizan unha cooperación máis estreita entre as institucións da seguridade social.
- Promoven a utilización das comunicacións por vía electrónica.
- Inclúen medidas e procedementos destinados a promover a mobilidade de traballadores e desempregados.

Como medidas específicas do novo réxime pódense destacar:

- Cando unha persoa transmita datos ou presente unha solicitude ante unha institución dun territorio distinto daquel que determina o regulamento de aplicación, a dita institución reenviará sen demora a documentación á institución que corresponda e terase por presentada.
- Permite a contratación de traballadores para ser desprazados.
- Establece en 24 meses a duración máxima do desprazamento de traballadores.
- Cando exista discrepancia entre as institucións de varios estados membros en canto á lexislación aplicable ou en canto á institución que debe asumir o pagamento dunha prestación, o usuario estará cuberto desde o primeiro momento de xeito

provisional en tanto non se resolva a diverxencia entre as institucións.

- Fixanse prazos comúns para cumprir determinadas obrigas e defínense fases administrativas a nivel comunitario.
- Establece as condicións en que os desempregados poden elixir o país no que percibirán as prestacións por desemprego ou o país no que se inscribir no servizo público de emprego.
- Prevé a posta en marcha do sistema de intercambio electrónico de datos (Electronic Exchange of Social Security Information - EESSI) entre as institucións ou entidades competentes dos estados membros, que permitan mellorar e axilizar a atención e prestación de servizos os usuarios.
- Asegúrase de que os familiares de antigos traballadores fronteirizos poidan seguir o tratamento médico no estado no que o traballador desenvolveu a súa actividade profesional mesmo tras a súa xubilación.

O novo sistema suporá unha notable modernización das normas de coordinación dos sistemas de seguridade social, e favorecerá a libre circulación dos traballadores e das súas familias ao longo da UE, sen renunciar aos dereitos e garantías que ofrecen os diferentes sistemas de seguridade social.

## Consultas

### Retención fiscal a un traballador portugués en España

**Cuestión:** Unha empresa galega contratou a un traballador portugués para a realización dun traballo técnico de alta cualificación en Santiago de Compostela. O contrato subscrito ten unha duración estimada de 24 meses e para a súa realización o traballador residirá na capital de Galicia.

**Que retención fiscal sobre a renda lle practicará a empresa a ese traballador?**

**Resposta:** Mentres o traballador portugués non sexa residente (para efectos fiscais) en España, é dicir, que resida en España menos de 183 días ao ano, a empresa deberíalle reter un 24% conforme ao imposto sobre a renda de non residentes. Unha vez adquirida a residencia fiscal en España, pasaría a ser aplicable o sistema de retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas, que se aplica con carácter xeral a todos os traballadores residentes en España.

No caso de determinados contratos que teñan unha remuneración elevada, pode suceder que a retención, unha vez sexa residente, sexa superior á do 24% que lle correspondería con carácter xeral mentres non adquirise tal condición. Nese caso, podería solicitarse o mantemento da retención do 24%, independentemente da remuneración, sempre e cando o traballo se realice en España nunha empresa residente e o traballador non vivise en España nos últimos dez anos.

Para solicitar de xeito excepcional a aplicación do 24%, deberase presentar o Modelo 149 ante a Axencia Tributaria no prazo máximo de 6 meses desde a data de comezo da actividade que consta na alta na seguridade social.

Este réxime podería manterse durante o exercicio fiscal no que se efectúe o cambio de residencia e durante os cinco períodos impositivos seguintes.

### Comunicación de desprazamento dos traballadores

**Cuestión:** Unha empresa portuguesa do sector da construción é contratada para a execución dunha obra en Galicia. Para cumprir con este cometido, a empresa portuguesa vai desprazar a algúns dos seus traballadores por un período de entre catro e seis meses.

Entre outras obrigas, conforme ao artigo 5 da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional, a empresa debe comunicar o traslado dos traballadores á autoridade laboral española competente do territorio onde se vaian a prestar os servizos, sempre antes do seu inicio e con

independencia da súa duración. Hai algún modelo oficial para facer a comunicación?

**Resposta:** Sí. A empresa portuguesa debe utilizar o formulario aprobado pola Consellería de Traballo e Benestar, e envíalo á Dirección Xeral de Relacións Laborais.

O dito formulario foi aprobado por Resolución do 9 de xuño de 2009 e publicado no Diario Oficial de Galicia o 6 de xullo de 2009.

O modelo de comunicación de desprazamento está a disposición dos empresarios na web da Consellería de Traballo e Benestar.



## Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: + 34 981 555 888  
Fax: + 34 981 555 882  
Correo electrónico: [euoinfo@ceg.es](mailto:euoinfo@ceg.es)  
<http://www.ceg.es>

## EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha  
4930 - 677 Valença. Portugal  
Tel.: + 351 251 826 105  
Fax: + 351 251 826 104  
<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

## Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Enterprise Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria e referencias das ofertas publicadas no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia ([euoinfo@ceg.es](mailto:euoinfo@ceg.es)).

### Portugal

Empresa portuguesa fabricante de equipos e tarxetas electrónicas, cableado eléctrico e montaxe mecánica ofrécese como distribuidora e subcontratista.  
Ref. 09/325/EC

Empresa portuguesa, fabricante de moldes e ferramentas metálicas obtidas por corte, estampación e inxección de aluminio e plástico, busca axente comercial. Os produtos están dirixidos á industria da enxeñaría electrónica, eléctrica, solar e eólica.  
Ref. 09/326/EC

Empresa portuguesa especializada na produción de madeira de piñeiro con tratamento térmico para o sector da construción e carpintaría busca servizos de intermediación comercial: distribuidor ou axente.  
Ref. 09/327/EC

Empresa portuguesa especializada na fabricación de mobiliario para exportar, con liña clásica e exclusiva, busca servizos de intermediación comercial.  
Ref. 09/328/EC

Empresa portuguesa dedicada ao deseño, produción e mercadotecnia de roupa e uniformes de traballo busca acordos de distribución comercial e subcontratación.  
Ref. 09/329/EC

Empresa portuguesa, especializada na elaboración de viño e outros produtos rexionais de Madeira, busca cooperación comercial: distribuidores.  
Ref. 09/261/EC

### España

Empresa galega, fabricante de aditivos alimentarios (pans, encolantes, rebozados), tratamentos e aditivos para o sector pesqueiro, busca cooperación comercial: axentes comisionistas ou distribuidores.  
Ref. 09/019/NEC

Empresa galega que fabrica e comercializa equipos de corte en canteiras e útiles diamantados, busca socio/a con produtos innovadores para distribuír en exclusiva a súa carteira de produtos en España.  
Ref. 09/018/NEC

Empresa galega, fabricante de conservas de peixe e marisco, busca servizos de intermediación comercial: importador, distribuidor.  
Ref. 09/017/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación de compoñentes para mobles en madeira ou fibras, busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.  
Ref. 09/016/NEC

Empresa galega, especializada na elaboración e crianza de viños, ofrécese e busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.  
Ref. 09/015/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación e distribución de estores e cortinas para a decoración de fiestras e protección solar, busca cooperación comercial (axente, representante ou distribuidor) e socio para joint-venture.  
Ref. 09/014/NEC

Empresa galega, con instalación de zincado electrolítico e fabricante de pezas roscadas e en arame, como abrazadeiras, porlóns de ancoraxe, ganchos, varas, pezas baixo plano, e pezas de estampación en chapa, ofrece servizos de subcontratación. Así mesmo,

ofrécese para a distribución en España de elementos relacionados co sector da construción na canle de almacéns de materiais.  
Ref. 09/013/NEC

Empresa galega, especializada na elaboración de produtos alimentarios precociñados de calidade, busca cooperación comercial: distribuidores. Así mesmo, busca manter unha relación estreita con este socio comercial para poder ofertarlle produtos personalizados para nichos de mercado que requiran destes produtos específicos.  
Ref. 09/012/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación de produtos de cerámica, busca cooperación comercial: representante ou distribuidor (tendas de decoración, xoias, etc.).  
Ref. 09/011/NEC

Empresa galega, especializada na fabricación e no deseño de invernadoiros e complementos para a agricultura, busca cooperación comercial: representante e/ou distribuidor.  
Ref. 09/009/NEC

Empresa galega, especializada no deseño e na fabricación de transmisores de televisión analóxica e dixital, busca cooperación comercial: distribuidores, en Europa e América Latina.  
Ref. 09/008/NEC

Empresa galega, comerciante por xunto, busca clientes comerciantes por xunto internacionais para a venda de peixe e marisco galego.  
Ref. 09/005/NEC

Empresa galega, distribuidora de produtos químicos, ofrécese para cooperación comercial: axente ou representante para distribución de produtos do sector químico en xeral.  
Ref. 09/004/NEC

Os contidos e información incluídos neste boletín non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664